

1 Febrero de 2016 - Revista 1058

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 9

PREMIOS E CONCURSOS / 12

NOVAS DE EMPREGO / 13

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 20

EN PORTADA

Un total de 48 equipos de centros educativos de toda Galicia participan nesta nova edición do programa de debate Parlamento Xove

Martes, 26 Xaneiro 2016 17:42

- A fase de formación finalizará o vindeiro 5 de febreiro cun total de oito xornadas que reunirán a todos os equipos inscritos na actividade en función da zona xeográfica de procedencia. Estes encontros terán lugar nas dependencias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en Santiago, no Complexo Residencial Xuvenil LUG en Lugo, na Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, na Casa do Deporte de Vigo e nos Espazos Xove de Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Chantada
- A iniciativa está estruturada en dúas categorías: unha para alumnado de 3º e 4º de ESO e outro para o de 1º e 2º de Bacharelato. O tema de debate nesta fase clasificatoria -que terá lugar os días 26 e 27 de febreiro para a categoría de Secundaria e o 4 e 5 de marzo para a de Bacharelato- é “¿Determina o papel do profesor/a o futuro dos mozos e mozas?”
- Cecilia Vázquez destaca que esta iniciativa, que cumpre este ano a súa sétima edición, “proporcionalle aos mozos e mozas participantes técnicas e recursos de argumentación; aprenderán a debater e a distinguir os puntos débiles dun argumento; a falar e actuar en público; técnicas vogais e ferramentas da linguaxe corporal; así como enfrontárense á necesidade de elaborar argumentos sólidos tanto para debater unha postura como para refutar a postura en contra”.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe nas dependencias da **Delegación Territorial da Xunta de Galicia** na xornada de formación cos equipos da contorna da cidade herculina inscritos na competición de debate **Parlamento Xove**, que este ano cumpre a súa sétima edición.

A fase de formación finalizará o vindeiro **5 de febreiro** cun total de oito xornadas que reunirán aos 48 equipos inscritos na actividade en función da zona xeográfica de procedencia, 24 da categoría de Bacharelato e 24 da especialidade de Educación Secundaria Obligatoria (ESO). Así estas xornadas terán lugar nas dependencias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en Santiago, no Complexo Residencial Xuvenil LUG en Lugo, na Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, na Casa do Deporte de Vigo e nos Espazos Xove de Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Chantada.

Ante o elevado número de centros participantes, esta iniciativa está estruturada en dúas categorías diferenciadas por idades e tramo educativo: unha para alumnado de 3º e 4º de Secundaria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato. A fase clasificatoria terá lugar os días 26 e 27 de febreiro para a categoría de ESO e o 4 e 5 de marzo para a categoría de Bacharelato. Desta fase clasificatoria saíran os 16 equipos (8 por categoría) que debaterán na fase final que descenderá no mes de abril.

Elevada participación

Parlamento Xove é unha competición de debate que ten por obxecto fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. Na mesma están inscritos un total de 48 equipos de centros educativos de toda Galicia que, a través da oratoria, defenden unha determinada posición acerca dun tema proposto pola organización.

Estes equipos -formados por catro estudantes e un profesor/a- investigarán e debaterán sobre o tema proposto, que na fase de clasificación será “¿Determina o papel do profesor/a o futuro dos mozos e mozas?”. O tema para a fase final será anunciado no portal web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado tras a finalización da fase clasificatoria. A dificultade da actividade está en que o sorteo da postura a adoptar por cada equipo en relación á cuestión formulada (a favor ou en contra) terá lugar só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico.

Cecilia Vázquez sinalou que “Parlamento Xove proporcionalle aos mozos e mozas participantes técnicas e recursos de argumentación; aprenden a debater e a distinguir os puntos débiles dun argumento, tanto para evitalos como para atacalos; a falar e a actuar en público; e técnicas vogais e ferramentas da linguaxe corporal; ademais de enfrontarse á necesidade de elaborar argumentos sólidos tanto para debater unha postura como para refutar a postura en contra”. En definitiva, “a debater se aprende debatendo”, engadiu.

Transmisión de valores

Así, estes debates enténdense como espazos de comunicación que permiten a discusión con argumentos sobre o tema proposto; e gañarán non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas. Durante o transcurso destes debates dialécticos, os participantes desenvolven valores como a capacidade de respectar a opinión dos demais, a colaboración cos compañeiros e tamén fomentan a toma de conciencia no comportamento democrático.

Os obxectivos principais destes debates son: dar a coñecer e defender a postura sobre o tema proposto; ofrecer elementos de xuízo claros na exposición; exercitar a expresión oral, a capacidade de escoitar e a participación activa; e defender as opinións con argumentos.

175 mozos e mozas participan esta fin de semana nun encontro de correspondentes xuvenís na estación de esquí de Cabeza de Manzaneda

Luns, 01 Febreiro 2016 08:26



A Pobra de Trives (Ourense), 30 de xaneiro de 2016.- A estación de esquí de **Cabeza de Manzaneda** acolle esta fin de semana un encontro de participantes no programa **Correspondentes Xuvenís 3.0**, iniciativa da **Xunta de Galicia** que consiste nunha rede de mozos e mozas que de maneira voluntaria se encargan de informar aos seus compañeiros de aula, amizades e coñecidos sobre convocatorias, recursos e programas xuvenís que poidan ser do seu interese. O **conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela**, acompañado da **directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez**, visitou esta mañá aos aproximadamente 190 mozos e mozas de idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos que participan dende a xornada de onte nesta convivencia que rematará mañá domingo.

O titular da *carteira autonómica de Política Social* agradeceu a estes correspondentes xuvenís a súa colaboración para que a mocidade galega coñeza de actividades e todas aquelas cuestións que lle poden ser de interese, unha función que considerou “*chave para facilitar a participación da xuventude galega nas actividades que impulsa a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*”. De feito, os mozos e mozas implicados nesta iniciativa realizan un traballo de difusión de información xuvenil nos seus ámbitos educativos –tanto institutos de secundaria como en ciclos medios ou superiores de formación profesional- e tamén a través das redes sociais.

Pero ademais de facer promoción e dar a coñecer actividades e información de interese xuvenil, *Rey Varela* apuntou que o programa **Correspondentes 3.0** “*tamén é unha ferramenta que permite potenciar as habilidades comunicativas e sociais dos participantes; favorece a asunción temperá de responsabilidades e transmite valores como a solidariedade, a participación entre iguais e o liderado*”.

Compartir experiencias

Durante esta fin de semana alumnado de segundo ciclo da ESO, Bacharelato e ciclos formativos de centros educativos de toda Galicia conviven na estación de esquí de **Cabeza de Manzaneda** neste encontro en que se combinan aspectos lúdicos con formativos. Así, os participantes realizan dinámicas de grupo para coñecer as valoracións que fan os distintos “*correspondentes*” da súa acción voluntaria como “*antenas*” de información xuvenil dos seus respectivos centros educativos; e se lles proporcionan ferramentas para mellorar a súa labor neste campo. Así mesmo, os mozos e mozas gozarán das actividades propias da estación de esquí se o tempo o posibilita.

O programa **Correspondentes Xuvenís 3.0** pretende contar cunha antena informativa en cada centro educativo, que se responsabilice de recoller a información en materia de xuventude enviada dende a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* e dende a *Oficina Municipal de Información Xuvenil* da súa localidade para difundila entre o alumnado do centro. Para iso conta con apoio do persoal do centro coordinador de información xuvenil e co profesorado participante no programa.

Estes correspondentes reciben gratuitamente formación en materia de información xuvenil, así como o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar no que están como correspondentes. Ademais, teñen preferencia nalgúns dos programas da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*; e recoñéceselles, mediante un certificado expedido pola administración autonómica, o tempo dedicado ás actividades como persoas voluntarias.

EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

Viaxes solidarias S.Santa 2016: Marrocos, Senegal e Cuba

Mercores, 27 Xaneiro 2016 08:10

A **Asociación "Viento Norte-Sur"** de *Murcia*, organiza as viaxes solidarias de semana santa a *Marrocos, Senegal e Cuba*.



VIII VIAXE SOLIDARIA AO DESERTO MARROQUÍ (19-26 marzo 2016):

Destinatarios: maiores de 16 anos (menores de 18 anos achegarán autorización paterna ou do titor).

Prazo de inscrición: ata completar prazas.

Inscricións e pago: Facer a petición da inscrición a info@vintonortesur.org.

Cota de participación: 390 €.

IV ATLAS TREKKING SOLIDARIO (19-26 marzo 2016):

Nº participantes: 25 persoas

Datas: do 19 ao 26 de marzo de 2016.

Destinatarios: maiores de 18 anos (menores de 18 anos poden ir acompañados por familiares).

Nivel de dificultade: Fácil. O itinerario non presenta dificultades técnicas.

Prazo de inscrición: ata completar prazas.

Inscricións e pago: Facer a petición da inscrición a info@vintonortesur.org. Cota de participación: 390 €

III VIAXE SOLIDARIA A SENEGAL (19-27 marzo 2016)

Nº participantes: 15 persoas. Cota participación: 550 €.

Datas: do 19 ao 27 de marzo de 2016.

Destinatarios: maiores de 18 anos.

Prazo de inscrición: ata completar prazas.

Inscricións e pago: Facer a petición da inscrición a info@vintonortesur.org

II VIAXE A CUBA (20 marzo-2 abril 2016)

Datas: 20 marzo-2 abril

Destinatarios: maiores de 18 anos.

Inscripción e pago: Facer a petición de inscrición a info@vintonortesur.org. Unha vez recibido o mail enviarásevos a ficha de inscrición na que se detallará a forma de pago e a documentación obrigatoria a achegar.

Cota participación: 550 €.

Haberá descontos para o carné xove

Máis información: <http://www.vintonortesur.org/>

Título de bacharel para persoas maiores de vinte anos

Xoves, 28 Xaneiro 2016 07:26



A Consellería de Educación convoca a proba para a obtención do **título de bacharel para maiores de vinte anos**.

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no 2016.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2015/16.

Os centros onde se pode presentar as solicitudes son os seguintes:

- a) Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero 3, 15003 A Coruña.
- b) IES San Clemente, rúa San Clemente, 15705 Santiago de Compostela.
- c) Centro EPA Albeiros, Parque da Milagrosa s/n, 27003 Lugo.
- d) Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomaior 4, 32002 Ourense.
- e) Centro EPA Río Lérez, avenida de Bos Aires 26, 36002 Pontevedra.
- f) Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra 8-1º, 36202 Vigo.

A proba terá lugar o día **22 de abril de 2016** no **IES San Clemente, de Santiago de Compostela**.


O **prazo** de presentación das solicitudes será entre o **18 de febreiro** e o **3 de marzo de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED534A**.

Máis información no **DOG do 28 de xaneiro de 2016** e en <http://www.edu.xunta.es/>

Probas para a o título de graduado en ESO para maiores de 18 anos

Xoves, 28 Xaneiro 2016 07:39



A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, convoca as **probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoto anos**, nas convocatorias de **maio e setembro**.

Requisitos:

Teren cumpridos os dezaoto anos o día anterior á data de realización da proba.

Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.

Non estaren inscritas para a superación das materias de 4º curso de educación secundaria obrigatoria.

Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2015/16 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria ou no segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial.

O alumnado matriculado durante o curso 2015/16 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:

- Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.
- Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

Centros:

A Coruña:

Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero 3.

IES Rafael Dieste, prol. Manuel Murguía/esq. Rda. de Outeiro.

Ferrol:

Centro EPA Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns s/n.

Santiago de Compostela:

IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n.

IES Rosalía de Castro, rúa San Clemente 3.

Carballo:

IES Isidro Parga Pondal, rúa Muíño da Pintura,

Lugo:

Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa s/n.

Ourense:

Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor 4.

Pontevedra:

Centro EPA Río Lérez, avenida de Buenos Aires s/n.

IES Sánchez Cantón, avenida Raíña Victoria.

IES Frei Martín Sarmiento, avenida de Vigo 23.

Vigo:

Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8-1º.

IES Politécnico, rúa de Torrecedeira, 88.

IES Santa Irene, praza de América 7.

O Porriño:

IES Ribeira do Louro, rúa Ribeira s/n (Torreiros).

Tui:

IES Indalecio Pérez Tizón, avenida da Concordia s/n.

Vilagarcía de Arousa:

IES Armando Cotarelo Valledor, rúa Armando Cotarelo Valledor 4-6

Ponteareas:

IES Val do Tea, rúa Feliciano Barrera 15

Prazos de matrícula:

Convocatoria de maio: do 7 de marzo ao 18 de marzo de 2016, ambos os dous incluídos.

Convocatoria de setembro: do 1 de xullo ao 8 de xullo de 2016, ambos os dous incluídos.

As probas realizaranse en sesións de mañá e tarde os días **27 de maio e 8 de setembro** para as respectivas convocatorias.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED540A**

Máis información no DOG do 28 de xaneiro de 2016 e en <http://www.edu.xunta.es/>

Pedaladas Solidarias no IES David Buján de Cambre

Venres, 29 Xaneiro 2016 08:39



Dentro das iniciativas solidarias que traballan no **IES David Buján de Cambre**, presentan "**pedalada solidaria**". Unha iniciativa que pretende concienciar ao alumnado do problema dos refuxiados en zonas de guerra, así como fomentar o sentir solidario e o traballo cooperativo na Comunidade educativa.

O **IES David Buján** está a participar no **programa Correspondentes Xuvenís 3.0**.

Probas para a o título de graduado en ESO para maiores de 18 anos

Luns, 01 Febreiro 2016 08:35



175 Correspondentes Xuvenís participaron durante o fin de do **29 ao 31 de xaneiro** nun encontro na **estación de esquí de Manzaneda**.

Os **Correspondentes Xuvenís** procedían de centros educativos do *Rosal, Tui, Ourense, Cee, Trazo, Santiago de Compostela, Malpica, Coruña, Cangas, Bueu, Moaña, Pontevedra, Betanzos, Ferrol e Narón*.

Gracias a todas e todos pola participación!!!

Xornada: "As Políticas de información xuvenil en Galicia"

Luns, 01 Febreiro 2016 08:45



A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza a **Xornada: "As Políticas de información xuvenil en Galicia"**

Destinatarios: Titulados e estudantes do *Ciclo formativo de grao superior en Animación Sociocultural e Turística*.

Obxectivos: Proporcionarlle, aos técnicos superiores e alumnos do Ciclo formativo de grao superior en Animación sociocultural e turística, una visión xeral das políticas de información xuvenil levadas a cabo en Galicia desde a creación das *Redes de información xuvenil*.

Contidos:

- Breve historia da información xuvenil en España e en Galicia
- Estructura da Rede galega de información xuvenil.
- Centros - Oficinas, Puntos e Antenas de Información Xuvenil.
- Requisitos e formación dos técnicos de información xuvenil.
- Titulacións académicas e profesionais da información xuvenil.

Relatores:

Suso Antelo García. Director do Centro Coordinador de Información Xuvenil de Galicia.

Mª Isabel Valverde Chamorro. Técnica da OMIX do Concello de Baiona (Pontevedra).

Lugar e data:

Instituto 1º de Marzo, Baiona

Día 12 de febreiro as 12.00 h.

Inscrición: O prazo de inscrición remata o día **11 de febreiro**, a través da **Omixon de Baiona** no seguinte enderezo:

OMIX Concello de Baiona
R/Lorenzo de la Carrera, nº 17
36300 Baiona
Telf: 986 385 925

Número de prazas: Prazas limitadas polo aforo.



NOVAS FORMACION CURSOS DA DXXV

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Luns, 11 Xaneiro 2016 13:12



Benvidos a un novo ano de actividades no noso **Clube de Conversa!**

Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os **18 e os 35 anos**, a excepción do **Grupo 1 de Nivel Intermedio** que non ten límite máximo de idade.

Horarios Nivel Intermedio:

Grupo 1: martes de 17.00 a 18.00 horas. (A partir de 18 anos)

Grupo 2: martes de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Horarios Nivel Avanzado:

Grupo 1: xoves de 17.00 a 18.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Grupo 2: xoves de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

O **Clube de Conversa en Lingua Inglesa** é unha iniciativa do *Centro Coordinador de Información Xuvenil, en Santiago de Compostela*, dentro do programa **"O Son das Linguas"** cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.

Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel Intermedio (B1 MCER) ou Avanzado (B2 MCER).

O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade.

Establécense dous grupos para cada nivel nos días e horarios máis arriba indicados. O número mínimo de participantes en cada grupo para que a actividade se leve a cabo será de 5. O número máximo de participantes en cada grupo será de 15. Así mesmo, xerárase unha lista de agarda para o caso de que se produzan vacantes unha vez iniciada a actividade.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Rúa de Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo

Telf. 881 99 76 07 / 06

Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

A seguinte táboa describe as diferencias entre o nivel *Intermedio (B1)* e o nivel *Avanzado (B2)*.

	Nivel Intermedio (B1 MCER)	Nivel Avanzado (B2 MCER)
INTERACCIÓN ORAL	Sei desenvolvemento en case todas as situacións que se me presentan cando viaxo onde se fala esa lingua. Podo participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	Podo participar nunha conversa con certa fluidez e espontaneidade, o que posibilita a comunicación normal con falantes nativos. Podo tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións cotiás explicando e defendendo os meus puntos de vista.
COMPRESIÓN ORAL	Comprendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns que teñen lugar no traballo, na escola, durante o tempo de lecer, etc. Comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.	Comprendo discursos e conferencias extensas e mesmo siño liñas argumentais complexas sempre que o tema sexa relativamente coñecido. Comprendo case todas as noticias da televisión e os programas sobre temas actuais. Comprendo a maioría das películas nas que se fala nun nivel de lingua estándar.
EXPRESIÓN ORAL	Sei enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, os meus soños, esperanzas e ambicións. Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos. Sei narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película e podo describir as miñas reaccións.	Presento descrições claras e detalladas d'unha ampla serie de temas relacionados coa miña especialidade. Sei explicar un punto de vista sobre un tema expoñendo as vantaxes e os inconvenientes de varias opcións.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Educar en cooperativismo

Venres, 29 Xaneiro 2016 11:49



Dentro das actividades da **Rede EUSUMO** que organiza a **UCETAG (Unión de Cooperativas de Ensino)**, vaise levar a cabo no **concello de Xermade** o **Curso gratuito "Educar en cooperativismo"** cunha duración de 20 horas, entre os días **14 e 17 de marzo de 2016**.

O curso vai dirixido a profesionais da educación, do ensino, educación social, tempo libre e outros ámbitos.

Máis información en Ucetag, teléfono 986 866 e en www.ucetag.org

A función recursos humanos nas Entidades Non Lucrativas. A xestión por competencias

Luns, 01 Febreiro 2016 11:13



A **UNED convoca o curso gratuito**: A función recursos humanos nas **Entidades Non Lucrativas**. A xestión por competencias

Obxectivos: O curso ten como meta que o/o alumno/para aprenda, por unha banda, en que consiste a función Recursos Humanos nas organizacións e que módulos principais compoñen o sistema de xestión integral de persoas. Por outra banda, que coñeza a xestión por competencias, en particular dentro da contorna non lucrativa.

Destinatarios: Está destinado a persoas que traballen ou queiran traballar dentro do Terceiro Sector e queiran ter unha visión xeral acerca da xestión de persoas nas entidades non lucrativas. En especial, para aqueles que teñan especial interese por traballar a xestión de persoas dentro do Terceiro Sector.

Tamén está destinado a persoas que queiran coñecer máis a fondo o concepto de competencia dentro da xestión de Recursos Humanos ou que, coñecendo a temática, desexen profundar en ferramentas para a xestión por competencias.

Data de comezo: 10 de febreiro de 2016.

Máis información: https://iedra.uned.es/courses/UNED/117/2015_T4/about

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitores/as de actividades de tempo libre na Coruña

Mercores, 27 Xaneiro 2016 07:49



A **Escola de educadores/as no tempo libre**, animación e intervención social da cruz vermella organiza na Coruña **un curso de monitores/as de actividades de tempo libre**.

Data de inicio: 11 de marzo de 2016

Data finalización: 29 de maio de 2016

Horario: os venres de 16.00 a 21.00, sábados de 9.00 a 14.00 e de 15.30 a 20.30 e os domingos de 9.00 a 14.00

Máis información na Cruz Vermella, teléfono 981 221 000.

Curso de Monitores de actividades de tempo libre en Monforte de Lemos

Mercores, 27 Xaneiro 2016 07:51



A **Escola de educadores/as no tempo libre**, animación e intervención social da cruz vermella organiza en **Monforte de Lemos un curso de monitores/as de actividades de tempo libre**.

Data de inicio: 13 de febreiro de 2016.

Data finalización: 24 de abril de 2016.

Lugar: cruz vermella de Monforte de Lemos. R/Chantada s/n.

Máis información na Cruz Vermella, teléfono 982 402 549.

Curso de Monitores de actividades de tempo libre na Coruña

Mercores, 27 Xaneiro 2016 12:52



A **Escola de tempo libre Universidade da Coruña**, organiza na Coruña **un curso de monitores/as de actividades de tempo libre**.

Data de inicio: 30 de xaneiro de 2016.

Data finalización: 17 de abril de 2016.

Lugar: Pavillón de Deportes do Campus de Elviña. A Coruña.

Máis información na Escola de tempo libre Universidade da Coruña, teléfono 981 167 000 ext 1904.

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Ribadeo

Luns, 01 Febreiro 2016 07:23



A **OMIX de Ribadeo e a Escola de Tempo Libre Bulideira** organizan un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre en Ribadeo**.

Datas: do 27 de febreiro ao 8 de maio de 2016. (ambos inclusive)

Horario: Tódolos días de 9 a 14 horas e de 15 a 20 horas.

Lugar de realización do curso: Sala de Xuntas do Pavillón Municipal de Ribadeo. Avda de Luarca s/n.

Inscripcións e información: OMIX de Ribadeo, 982 129 889, ou facebook Mocidade Ribadeo.

Escola de Tempo Libre Bulideira, teléfono: 669 432 111.

www.bulideira.org

Curso de Director/a de actividades de tempo libre en Ribadeo

Luns, 01 Febreiro 2016 07:29



A **OMIX de Ribadeo e a Escola de Tempo Libre Bulideira** organizan un curso de **Director/a de actividades de tempo libre en Ribadeo**.

Requisitos do alumnado: Ser Monitor de actividades de tempo libre e acreditar unha experiencia de 250 horas como monitor.

Datas: do 27 de febreiro ao 23 de abril de 2016. (Fins de semana de 9 a 14h e de 15 a 20 h)

Horario: Tódolos días de 9 a 14 horas e de 15 a 20 horas.

Lugar: O curso impartirase nas instalacións da OMIX do Concello de Ribadeo, R/ Antonio Otero 15. Ribadeo.

Inscripcións: OMIX de Ribadeo, 982 129 889, ou facebook Mocidade Ribadeo.

Escola de Tempo Libre Bulideira, teléfono: 669 432 111. www.bulideira.org

BOLSAS E AXUDAS → CONVOCATORIA XERAL

58ª CONVOCATORIA DE BECAS FULBRIGHT DE AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS

Mercores, 27 Xaneiro 2016 09:58

Convocatoria bolsas Fulbright para titulados superiores.

La **Comisión de Intercambio Cultural, Educativo y Científico entre España y los Estados Unidos de América** convoca **25 becas Fulbright** destinadas a titulados superiores que estén interesados en programas de Master's, Ph.D. o, excepcionalmente, en proyectos de investigación predoctoral en una universidad estadounidense durante el curso académico 2017-2018.

Presentación de solicitudes: Desde el 18 de enero al 14 de marzo de 2016.

Dotación de la beca: incluye viaje, compra de libros y materiales; manutención; matrícula; seguro médico y de accidentes.

Patrocinadores: Gobiernos de España y de Estados Unidos, Junta de Andalucía, Comunidad de Madrid, Universidad de Maryland-Baltimore County, Coca-Cola, El Corte Inglés, Endesa, Fundación Ramón Areces, Grifols, Iberdrola, Mapfre, Repsol y Telefónica. Solicitud electrónica: En el siguiente enlace de la página web de la Comisión Fulbright. Más información: Página web de la Comisión Fulbright

E-mail: registro@comision-fulbright.org **Telf:** 917027001

Fundación ICO Becas China 2016-2017

Mercores, 27 Xaneiro 2016 10:48



Este **Programa**, quiere facilitar a profesionais españois e estranxeiros residentes en España, un acercamento a China no ámbito lingüístico.

Son **25 bolsas** cunha duración de **9 meses**, para estudar o chino mandarín nunha universidade china.

O período de solicitudes é ata o **18 de febreiro**.

Máis información: <http://www.injuve.es/convocatorias/becas/fundacion-ico-becas-china-2016-2017>

Prazas Fundación Antonio Gala para Xóvenes Creadores 2016-2017

Mercores, 27 Xaneiro 2016 10:49

A **Fundación Antonio Gala para Xóvenes Creadores**, convoca **18 prazas** de aloxamento e manutención na sede da **Fundación en Córdoba**, co obxectivo de apoiar e promover a labor dos xóvenes artistas en diferentes modalidades.

Máis información: www.fundacionantoniogala.org

<http://www.injuve.es/convocatorias/becas/plazas-fundacion-antonio-gala-para-jovenes-creadores-2016-2017>

BOLSAS E AXUDAS ► IDIOMAS

Axudas para estadias en Europa no verán para estudo de idioma

Xoves, 28 Xaneiro 2016 07:20



A *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* convoca **150 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea** durante o verán de 2016, do alumnado universitario matriculado no curso 2015/16 nalgunha das tres universidades do *Sistema universitario de Galicia* ou nos *centros asociados da UNED en Galicia* coa finalidade de coñecer a lingua dese país.

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o **15 de xuño e o 30 de agosto de 2016**, ambos inclusive.

A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 900 €.

Requisitos:

Estar matriculado no curso 2015/16, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do *Sistema universitario de Galicia*, ou nos *centros asociados da UNED en Galicia* en estudos conducentes ao título de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data desta convocatória.

O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de marzo de 2016**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED416A**.

Máis información no **DOG do 28 de xaneiro de 2016** e en <http://www.edu.xunta.es/>

BOLSAS E AXUDAS ► FORMACION PRACTICA

Bolsas do Museo do Prado

Mercores, 27 Xaneiro 2016 11:41



O **Museo do Prado** convoca **2 bolsas en colaboración co Meadows Museum de Dallas**.

A bolsa terá como fin a formación de investigadores e especialistas nas áreas de conservación das coleccións do Museo Nacional do Prado entre os séculos XV-XVIII, ambos inclusive. Unha bolsa destinarase ás coleccións dos séculos XV e XVI, e a segunda, ás coleccións do Barroco, séculos XVII-XVIII, en calquera escola representada no Prado.

A cuantía das beca é de 18.000 € cada unha.

Requisitos específicos dos solicitantes.

a) Titulación: Licenciatura ou grao en Historia da arte.

b) Formación específica no campo da especialidade solicitada:

Formación específica en Arte europea dos séculos XV a XVIII e en Museografía e museología.

Dominio falado e escrito do inglés e dunha segunda lingua entre alemán, italiano, francés e portugués.


O **prazo** estará aberto ata o **12 de febreiro de 2016**.

Máis información no **BOE do 26 de xaneiro de 2016** e en <https://www.museodelprado.es/empleo/licitaciones/becas>

